



Concello de Vigo

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION Expte: 1367/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

Con data 27.01.2023, dona ██████████ presenta solicitude de acceso a información pública no que interesa o contido íntegro do expediente administrativo 9490/240.

En data 03.02.2023 solicitouse mediante trámite NNT ao Servizo de Patrimonio a emisión de informe no prazo de dez días, conforme ao disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo, así como, de ser o caso, documentación complementaria.

En data 27.02.2023 o Servizo de Patrimonio comunica que deuse traslado da solicitude de acceso expediente administrativo número 9490-240 a D^a ██████████ xa que dito expediente foi tramitado a súa instancia e pode por ello verse afectada nos seus dereitos ou intereses lexítimos, téndoselle concedido, dacordo co art. 19.3 da LTAIBG,

En data 1.03.2023 D^a ██████████ presenta escrito no que denega ó acceso a dito expediente, por constar sus datos persoais e afectar os seus dereitos.

En data 9.03.2023 emitíuse o informe solicitado

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:41	Páxina 1 de 4
1367-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do dereito de acceso á información pública

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

O artigo 8. 3 da LTAIBG determina que as Administracións Públicas publicarán a relación dos bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre o que ostenten algún dereito real.

O artigo 17.1 do Regulamento de bens das entidades locais determina que as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

Trala solicitude, por parte do Servizo de Patrimonio emítese informe no que sinala: *"Dito expediente foi tramitado a instancias de D^a [REDACTED] polo que deuselle traslado da solicitude de acceso presentada, tendo formulado a interesada alegacións o pasado día 1 de marzo denegando dito acceso, por constar seus datos persoais e afectar aos seus dereitos.*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:41	Páxina 2 de 4
1367-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non obstante, esa denegación non debe supoñer a inadmisión total da solicitude de acceso, debéndose permitir un acceso parcial ó mesmo, tendo en conta que o expediente refírese á rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos no que acordouse a baixa do tramo final dunha vía municipal, polo que o acceso limitarase á documentación pública que consta no mesmo con exclusión daquela outra referente á interesada (Da [REDACTED]

Dada a antigüidade do expediente administrativo número 9490-240, non atópase dixitalizado polo que a solicitante poderá consultalo presencialmente (previa cita), na oficina do Servizo de Patrimonio, durante un prazo de DEZ DIAS, de luns a venres en horario de 9 a 13:30 horas.”

E por isto que conforme o artigo 16 LTAIBG procede o acceso parcial ao expediente.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022

Polo exposto formúlase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada por dona [REDACTED] e facilitarlle a interesada o acceso ao expediente mediante consulta presencial na oficina do Servizo de Patrimonio sita no segundo andar da Casa Consistorial, durante un prazo de DEZ DIAS constado dende o días seguinte a presente notificación , de luns a venres en horario de 9 a 13:30 horas.

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:41	Páxina 3 de 4
1367-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:41	Páxina 4 de 4
1367-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		